



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO CAMPO DAS ROSAS
Promotor	NATURGY RENOVABLES, S.L.U,
Localización	CONCELLOS DA ESTRADA, CERDEDO-COTOBADE E CAMPO LAMEIRO
Expediente	IN408A 2017/05

SOLICITANTE: Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS :

- A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 10/03/2021 e número de rexistro de entrada 2021/410089, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 12/01/2022 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 10/02/2022 e número de rexistro de entrada 2022/269217, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta Dirección Xeral.
- Con Data 15/02/2022 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con Data 07/06/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1207631 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da



Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ao informe previo desta dirección xeral, e tendo en conta a eliminación do aeroxerador CR07, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo.

Polo que se estima que, de cumprirse os estándares e medidas de seguimento referidas, debería asegurarse a ausencia de efectos significativos sobre o medio ambiente, dos que podan derivarse afeccións á saúde da poboación.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Programas de Control

de Riscos Ambientais para a Saúde

Inés Mato Naveira

